



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local

D^a. PATRICIA RODRIGUEZ CALVIÑO, CONCELEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na **sesión extraordinaria e urxente do 7 de novembro de 2023**, adoptou o seguinte acordo:

2.- PROXECTO DE ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO DE VIGO PARA O ANO 2024. EXPTE. 80/142.

Visto o informe de Intervención de avaliación da estabilidade orzamentaria, regra de gasto e do límite de débeda e informe de fiscalización, ambos do 07/11/2023, dáse conta do informe-proposta de data 27/10/2023, asinado polo director superior contable e orzamentario e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Antecedentes

O Proxecto de Orzamentos do ano 2024, comezou o proceso de formación coa elaboración das normas e criterios que se deberían ter en conta para a súa formación. Os marcos orzamentarios remitidos ao MINHAFP para o período 2024-2026, aprobados por Resolución da Alcaldía de 07/03/2023, asinados pola Intervención en data 08/03/2023, enviados ao MINHAFP nº rexistro REGAGE23e00014246973 dos que se deu conta ao Pleno da Corporación na sesión ordinaria de 29 de marzo de 2023, marcan o contexto xeral no que se teñen que formar os estados orzamentarios para o ano 2024.

O segundo paso que fundamenta a formación do orzamento, é o cumprimento, aprobación e remisión das liñas fundamentais do Orzamento para o ano 2024, que foron aprobadas por Resolución da Alcaldía Presidencia de 12/09/2023, asinadas e enviadas ao Ministerio de Hacienda e Función Pública o 13/09/2023, nº de Rexistro REGAGE23e00061066993, das que se deu conta ao Pleno da Corporación na sesión ordinaria do 25 de setembro de 2023.

Resolución de inicio de formación do Proxecto de Orzamento, asinada pola Alcaldía Presidencia o 27/06/2023.

Directrices de formación do Proxecto Orzamentario, asinadas polo Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda o 03/07/2023.

Polo tanto, o criterio xeral de formación do Proxecto Orzamentario está delimitado polo marco orzamentario e as liñas fundamentais do orzamento, ambos documentos remitidos ao Ministerio de Facenda e Función Pública, a Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal, así como o contido do previsto no artigo 168 do TRLRFL, aprobado polo RDL 2/2004.

Os criterios que se estableceron nos documentos precitados, foron aplicados ao Proxecto do Orzamento, coas variacións que a teor da normativa vixente en cada momento, fóronse axustando



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/11/2023 08:34	Páxina 1 de 11
80-142	CSV: ACAE33-474983-8581BH-W6ZWSK-CJVK1T-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

segundo se fai constar no informe económico de gastos e na memoria orzamentaria, basicamente, as diferencias teñen causa en:

- a) Convenio co MITMA para a mellora da estrada Avd. De Madrid,
- b) a Addenda 2023 con ADIF - XUNTA-CONCELLO, en relación co acceso á estación do AVE e a Intermodal,
- c) o convenio coa Excm. Deputación de Pontevedra relativo ao Parque Nelson Mandela en Navia, mellora de firmes anualidade 2024 e o investimento Vigo Vertical, Avda. Camelias- Hispanidade-Romil.

Por último, o capítulo 1 do estado de gastos, que reflicte os gastos de persoal, ten unha variación do 3,82% en termos consolidados, sendo a causa, a actualización retributiva prevista no pacto rubricado en acto público na sede da Secretaría de Estado de Función Pública pola ministra de Facenda e Función Pública, o responsable de Área Pública de CCOO e o secretario xeral de UXT-Servizos Públicos, inclúe entre outros o compromiso de revisión salarial das retribucións dos empregados públicos.

Para o ano 2024, a subida será do 2% sobre a base das retribucións xa incrementadas do ano 2023. A esta pode engadirse outro 0,5% adicional no caso de que o IPC entre 2022 e 2024 fose superior ás alzas acumuladas nese período.

Ademais, tamén se ten en conta sobre a base de cálculo do ano 2023, a Resolución de 4 de outubro de 2023, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que publícase o Acordo do Consello de Ministros de 3 de outubro de 2023, polo que se aproba o incremento do 0,5 por cento nas retribucións do persoal ao servizo do sector público en aplicación do previsto no artigo 19. Dous.2.a) da Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023.

Obxectivos previstos para o ano 2024.

A suspensión das regras fiscais non implica que se abandone o compromiso coa consolidación fiscal, Mantense o compromiso coa estabilidade orzamentaria.

Os obxectivos de déficit, están delimitados nunhas taxas de referencia orientativas establecidas polo Executivo para o período 2021-2023 que debuxan unha marcada tendencia descendente, aínda que non hai marco aprobado para o ano 2024.

O retorno a un contexto de disciplina fiscal tras catro anos de activación dá cláusula de escape, e de cara a orientar os orzamentos para o próximo ano, a AIReF publicou o Informe sobre a Execución Orzamentaria, Débeda Pública e Regra de Gasto, no que recomenda que se eviten incrementos de gastos ou reducións de ingresos de carácter estrutural financiadas con cargo ao incremento de ingresos temporal que se producirá no 2024 e que se teña en conta a aplicación dá regra de gasto no 2024, recomendando un incremento do gasto primario non superior ao 2,6%.

No entanto, aquí hai que estar ao incremento que vai supoñer a Liquidación definitiva pola Participación nos Ingresos do Estado do ano 2022. A recomendación da AIReF, e que este ingreso excepcional, non se aplique ao financiamento de gasto recorrente.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/11/2023 08:34	Páxina 2 de 11
80-142	CSV: ACAE33-474983-8581BH-W6ZWSK-CJVK1T-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local

Suspensión das regras fiscais

O 20 de outubro de 2020, o Pleno do Congreso dos Deputados aprobou por maioría absoluta o acordo do Consello de Ministros de 6 de outubro de 2020 polo que se solicita ao mesmo a apreciación de que España está a sufrir unha pandemia, o que supón unha situación de emerxencia extraordinaria, co fin de aplicar a previsión constitucional que permite nestes casos superar límites de déficit estrutural e de volume de débeda pública.

Así, poderá entenderse que a suspensión das tres regras fiscais ten efectividade desde o mesmo día en que se tomou o devandito acordo, o día 20 de outubro de 2020.

Posteriormente, o Pleno do Congreso dos Deputados determinou, o 13 de setembro de 2021, que persistían as condicións de excepcionalidade que xustifican manter suspendidas as regras fiscais para o ano 2022.

Finalmente, dita decisión foi ratificada polo Congreso dos Deputados o 22 de setembro de 2022, considerando que en España se manteñen as condicións de excepcionalidade que xustifican manter suspendidas as regras fiscais en 2023.

Deste xeito, coa apreciación adoptada pola maioría absoluta do Congreso e con efectividade desde o mesmo día en que se tomou o acordo, mantivéronse suspendidos durante o exercicio 2023, os obxectivos de estabilidade e débeda, así como a regra de gasto.

En canto ao ano 2024, as autoridades da UE, están solicitando aos Xefes dos Gobernos, un acordo para a implantación das regras fiscais para o ano 2024. A esta data, non hai acordo ao respecto.

En todo caso, vaise a manter o criterio de aprobar o Orzamento en equilibrio, tanto nos termos do TRLRFL como da Lei Orgánica 2/2012.

En relación coa suspensión dos obxectivo de estabilidade financeira, as EE.LL tiñan que limitar o endebedamento ao 3% do PIB no ano 2020, pecharon ao ano 2021 cun endebedamento do 1,8% do PIB. En particular, o Concello de Vigo non ten endebedamento financeiro, polo que este obxectivo non é avaliable dende o ano 2016.

Proxecto orzamentario que se presenta

O Proxecto de Orzamento que se presenta está a encadrarse no Marco Orzamentario de medio prazo e nas liñas fundamentais remitidas ao Ministerio de Facenda e Función Pública en cumprimento do previsto no artigo 6 e 15 da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira.

Coa desagregación que figura na Memoria e no informe económico do estado de gastos e ingresos, as políticas de prestación de servizos básicos, as de promoción social, as de emprego, educativas, culturais e deportivas, tiveron crecementos importantes.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/11/2023 08:34	Páxina 3 de 11
80-142	CSV: ACAE33-474983-8581BH-W6ZWSK-CJVK1T-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

En relación ao estado de ingresos

En relación coa variación pola cesión de Tributos do Estado (IRPF, IVE e II.EE), a esta data non hai comunicación algunha do Ministerio de Hacienda, polo que se fai unha previsión tendo en conta a evolución do PIB prevista para o ano 2024 en relación coas entregas a conta no ano 2023. Non se ten en consideración o Índice de Evolución dos ITE, que daría un resultado de incremento maior.

A cesión por IRPF, IVE e II.EE e FCF, van a actualizarse nun 2% en relación coas entregas a conta do ano 2023.

En relación coa Liquidación do ano 2022, hai unha previsión superior aos 3.100 millóns de euros, polo que, faise unha estimación, segundo datos do grupo de expertos da FEMP en relación coa IE e ITE e os ingresos a conta, téndose calculada unha previsión para Vigo de 20,9 millóns.

Así mesmo, faise unha previsión de ingreso pola contía da bonificación do Transporte Urbano que regula o RD-lei 11/2022 e acordos que prorrogan a bonificación até o 31 de decembro do 2024, que o Concello adianta a paga con cargo ao seu orzamento e liquida o Ministerio con posterioridade. A contía reflicte un 50% do ingreso do cuadrimestre do ano 2022 que foi ingresado no primeiro trimestre do ano 2023, que é moi inferior á liquidación do primeiro trimestre do ano 2023.

En canto á Participación nos Tributos da Comunidade Autónoma, mantense a contía do ano anterior coa previsión de liquidación. A achega polo fondo de cooperación local, está a manter a mesma contía dende hai 10 anos.

As contías e porcentaxes, figuran no informe económico de ingresos.

Como recursos non financeiros de capital, están: a) Convenio co MITMA para a mellora da estrada Avd. De Madrid, b) a Addenda 2023 con ADIF-XUNTA-CONCELLO, en relación co acceso á estación do AVE e a Intermodal, e c) o convenio coa Excm. Deputación de Pontevedra relativo ao Parque Nelson Mandela en Navia, mellora de firmes anualidade 2024 e o investimento Vigo Vertical, Avda. Camelias- Hispanidade, Romil.

Achegas non condicionadas da Administración Central e Autonómica

Concepto		Admt. CENTRAL	XUNTA
10000	Cesión IRPF	8,151,155.66	
21000	Cesión IVE	6,255,221.40	
220	Cesión II.EE	1,766,565.47	
42000	F.C.Financiamiento	83,812,243.69	
42011	Liqu. Definitiva 2022	20,900,000.00	
45000	F.Coop. Local		6,479,801.46
Total		120,885,186.22	6,479,801.46



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/11/2023 08:34	Páxina 4 de 11
80-142	CSV: ACAE33-474983-8581BH-W6ZWSK-CJVK1T-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local

Achegas condicionadas que financian gasto corrente.

Concepto ingreso	Concepto	Xunta	Estado	Deputación
45002	Lei de Dependencia, Axuda no Fogar	7,582,000.00		
45003	Programa drogodependencia	541,039.00		
45005	Subvención Escolas infantís	497,914.00		
45061	Subvención PXOM	205,700.00		
46102	Programa de firmes			1,600,000.00
42090	Subvención ao TUC		1,747,600.77	
42091	Bonificación30% TUC		605,300.00	
		8,826,653.00	2,352,900.77	1,600,000.00

Achegas finalistas que financian o plan de investimentos

Concepto ingreso	Concepto	Xunta	MITMA /ADIF	Deputación
72091	Convenio Avd. De Madrid		5.100.000.00	
72390	Addenda 2023 ADIF/XUNTA/CONCELLO. AVE		2.601.728.83	
75000	Addenda 2023 ADIF/XUNTA/CONCELLO. AVE	151.827.23		
75060	Construcción edificio en Esturáns aluqueiro social	962.265.42		
76126	Víoo Vertical Camelias Hispanidade			1.543.697.48
76131	Parque Mandela en Navia			940.000.00
Total		1.114.092.65	7.701.728.83	2.483.697.48

A variación no capítulo 1 do estado de ingresos dos estados consolidados é do 4,67%, asociada ás entregas a conta do IRPF, os impostos: IBI, IBICES, IVTM, IIVTNU e IAE.

As variación que se producen no capítulo 2 polo IVE, II.EE e o ICIO, é do 2,89%, ten causa nunha maior Liquidación do ICIO e na actualización na cesión de impostos.

O Capítulo III, ten unha variación do 4,6% nos estados consolidados, sendo a base de cálculo a información sobre la Liquidación do ano 2022 e as previsións de liquidación do ano 2023, información que tamén foi remitida ao MINHAFP e que ten a súa xustificación no informe económico de ingresos.

As axudas a Drogodependencia faise a mesma previsión co ingresado no ano 2023.

No capítulo 4 do estado de ingresos, as previsións de ingresos que proveñen da Administración Xeral do Estado que figuran no orzamento para o ano 2024, teñen a súa base nas entregas a conta máis unha actualización do 2%, porcentaxe na que vai a crecer a economía no ano 2024, aínda que o incremento virá determinado pola variación nos ITE non cedidos ás CC.AA.

Tamén se reflicte neste capítulo a liquidación positiva do ano 2022, que será ingresado no último trimestre do ano 2024.

A subvención ao transporte público colectivo, reflicte a contía do ano 2023 cunha actualización do 2%.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/11/2023 08:34	Páxina 5 de 11
80-142	CSV: ACAE33-474983-8581BH-W6ZWSK-CJVK1T-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A participación nos Ingresos da Comunidade Autónoma faise a previsión de acordo as entregas feitas máis a liquidación. Os ingresos que se van a rexistrar no ano 2024 son por unha contía de 6.479.801,46 euros. Esta contía se ven mantendo todos os anos.

En relación coa subvención para o Servizo de Axuda no Fogar, a previsión que se reflicte está relacionada coas horas de prestación concedidas pola Xunta de Galicia, 611.000 horas, cun financiamento autonómico de 12 euros/hora máis as de libre concorrência. A contía reflectida é por 7.582.000,00 euros.

Neste capítulo tamén se está a reflectir o convenio asinados coa Excm. Deputación de Pontevedra en relación coa mellora de firmes, así como as achegas para empregos finalistas que xa se relacionaron.

Na cuantificación das previsións contidas no capítulo 7 do estado de Ingresos, -Subvencións de Capital-, a súa orixe é o cofinanciamento que está asociado ao convenio aprobado coa Excm. Deputación de Pontevedra, o convenio con ADIF-XUNTA-CONCELLO, o convenio co MITMA e o convenio coa Xunta sobre a construción do edificio para alugueiro social, cuxa desagregación por contías e empregos, relacionase no informe económico de gastos e no informe de financiamento afectado, así como na táboa sobre achegas finalistas para o financiamento de empregos de capital.

En canto aos pasivos financeiros, este é o noveno ano que o proxecto de Orzamento que se somete a aprobación, non ten previsto o financiamento con apelación ao mercado de capitais, estando financiado tanto os empregos correntes non financeiros como os de capital non financeiro, con recursos propios e convenios con outras administracións ou axudas de convocatorias públicas doutros axentes públicos.

En relación ao estado de gastos

O Orzamento previsto para o capítulo 1 no orzamento do ano 2024, experimenta unha variación respecto da do ano 2023, cunha variación do 3,82% en termos consolidados, sendo a causa a actualización retributiva prevista no pacto rubricado en acto público na sede da Secretaría de Estado de Función Pública pola ministra de Facenda e Función Pública, o responsable de Área Pública de CCOO e o secretario xeral de UXT-Servizos Públicos, inclúe entre outros o compromiso de revisión salarial das retribucións dos empregados públicos.

Para o ano 2024, a subida será do 2% sobre a base das retribucións xa incrementadas o ano 2023. A esta pode engadirse outro 0,5% adicional no caso de que o IPC entre 2022 e 2024 fose superior ás alzas acumuladas nese período.

Incorpóranse a este capítulo, os acordos adoptados no transcurso do ano 2023, así como os adoptados na Mesa de negociación en relación coa creación de 8 novas prazas.

No capítulo 2, a variación é do 4,42%, está xustificada no informe económico de gastos, as variacións máis importantes son:

Conservación e mantemento rede semaforica: 200.000,00 euros.

Mantemento de viario público: 200.000,00 euros.

Vertido lixo en SOGAMA, por aplicación normativa, Lei 7/2022: 1.000.000,00 euros.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/11/2023 08:34	Páxina 6 de 11
80-142	CSV: ACAE33-474983-8581BH-W6ZWSK-CJVK1T-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local

Xestión integral de residuos: 1.370.151 euros.
Mantemento xardinería praza de Vialia: 149.000,00 euros.
Servizos na caneira municipal: 707.334 euros.
Contrato de Servizo de Axuda no Fogar, para afrontar un número maior de horas: 220.162,00 euros.
Contrato de apertura, vixilancia e mantemento ordinario de colexios: 925.000,00 euros.
Programa educativo aulas internacionais: 546.600,00 euros.
Programa cultural: 320.000,00 euros.
Campamentos de verán: 118.000,00 euros.
Contrato de servizos de piscinas: 433.000,00 euros.
Apertura e peche de instalacións deportivas: 192.157,00 euros.
Nadal: 525.000,00 euros.
Reparación dependencia: 108.000,00 euros.
Seguros de RC e Patrimonial: 185.500,00 euros.
Limpeza instalacións municipais: 184.000,00 euros.
En resumo, o detalle das variacións teñen explicación no informe económico financeiro.

Artellado o expediente que conforma o Proxecto de Orzamento Xeral para o ano 2023, que está integrado polo da propia Entidade, o Organismo Autónomo Administrativo XMU e como anexo os das Fundacións que forman parte do perímetro de consolidación, MARCO e C. Bureau, visto que o expediente está completo, axustándose a súa formación ao regulamentado nos artigos 165 a 167 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, comprobado que a súa elaboración axustouse ás directrices dadas, verificado que as dotacións que nel figuran dan cobertura a todos os contratos e prestacións necesarias para o bo funcionamento dos servizos e quedando reflectidos a totalidade dos compromisos, en uso das competencias que me foron delegadas pola Resolución da Alcaldía de 20 e 29 de xuño de 2023, propónse ao Pleno da Corporación, previo acordo da Xunta de Goberno Local e Ditame da Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral do Concello de Vigo para o ano 2024, integrado por:

- Orzamento da Entidade Local.
- Orzamento do Organismo Autónomo Administrativo Xerencia Municipal de Urbanismo.
- Anexo dos Orzamentos das Fundacións: MARCO e CONVENTION BUREAU.

A clasificación e ordenación dos recursos e empregos e a seguinte:

Clasificación por Áreas de Gastos.

Clasificación por Áreas de Gastos e Capítulos.

Clasificación por programas de gastos .



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/11/2023 08:34	Páxina 7 de 11
80-142	CSV: ACAE33-474983-8581BH-W6ZWSK-CJVK1T-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Clasificación por capítulos de Gastos e Ingresos.

Clasificación económica de ingresos.

Comparativo de gastos e ingresos por capítulos.

Todos os estados orzamentarios están referidos á Entidade e aos estados consolidados.

Achégase a información completa referida igualmente ao Organismo Autónomo Administrativo Xerencia Municipal de Urbanismo co mesmo nivel de detalle que o expresado para o Concello e para os estados consolidados.

CLASIFICACIÓN ECONÓMICA DE GASTOS - INGRESOS 2024 E COMPARATIVA CO ANO 2023, ENTIDADE

CAPÍTULO	Gastos Entidade			Ingresos Entidade		
	Importe 2024	Importe 2023	Variación %	Importe 2024	Importe 2023	Variación %
1	76,830,624.27	74,325,614.94	3.37%	117,410,785.66	112,173,330.00	4.67%
2	157,201,477.42	150,494,505.42	4.55%	10,922,786.87	10,615,870.00	2.89%
3	50,530.00	55,530.00	-9.00%	42,799,307.02	40,833,990.47	4.81%
4	39,058,535.66	34,498,118.09	12.77%	123,856,742.57	104,360,232.81	18.68%
5	600,000.00	600,000.00	0.00%	5,404,000.00	2,935,252.62	84.11%
Operc. Corr.N.F	273,741,167.35	259,973,768.45	5.30%	300,393,622.12	270,918,675.90	10.88%
6	36,049,858.26	27,860,839.12	29.39%	.00	.00	0.00%
7	939,850.05	669,444.00	40.39%	10,337,253.54	17,585,375.67	-41.22%
Operac. Cap.N.F	36,989,708.31	28,530,283.12	29.65%	10,337,253.54	17,585,375.67	-40.08%
8	500,000.00	500,000.00	0.00%	500,000.00	500,000.00	0.00%
9	.00	.00	0.00%	.00	.00	0.00%
Total	311,230,875.66	289,004,051.57	7.69%	311,230,875.66	289,004,051.57	7.69%

CLASIFICACIÓN ECONÓMICA GASTOS-INGRESOS, ESTADOS CONSOLIDADOS, COMPARATIVO 2023-2024

CAPÍTULO	Gastos dos estados consolidados			Ingresos dos estados consolidados		
	Importe 2024	Importe 2023	Variación %	Importe 2024	Importe 2023	Variación %
1	83,251,407.76	80,189,866.30	3.82%	117,410,785.66	112,173,330.00	5.00%
2	158,891,437.55	152,297,539.91	4.42%	10,922,786.87	10,615,870.00	3.00%
3	50,530.00	55,530.00	-9.00%	44,464,687.87	42,499,371.32	5.00%
4	33,053,672.66	28,668,153.09	14.74%	124,062,442.57	105,002,172.81	18.00%
5	600,000.00	600,000.00	0.00%	5,809,000.00	2,936,252.62	98.00%
Operac. Corr.N.F	275,847,047.97	261,811,089.30	5.36%	302,669,702.97	273,226,996.75	10.78%
6	37,429,215.13	28,977,301.70	29.17%	.00	.00	0.00%
7	2,828,046.62	739,444.00	282.46%	11,299,518.96	18,300,838.25	-0.38%
Operaci Cap. N.F	40,257,261.75	29,716,745.70	35.47%	11,299,518.96	18,300,838.25	-38.26%
8	532,000.00	532,000.00	0.00%	2,667,087.79	532,000.00	401.30%
9	.00	.00	0.00%	.00	.00	0.00%
Total	316,636,309.72	292,059,835.00	8.41%	316,636,309.72	292,059,835.00	8.41%



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/11/2023 08:34	Páxina 8 de 11
80-142	CSV: ACAE33-474983-8581BH-W6ZWSK-CJVK1T-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local

CLASIFICACIÓN FUNCIONAL DE GASTOS E COMPARATIVA 2023-2024, RESUME POR ÁREAS DE GASTO

Área	Descrición	Entidade		% var.	Consolidado		% var.
		2024	2023		2024	2023	
0	Débeda Pública	.00	5,000.00	0.00%	.00	5,000.00	- 100.00 %
1	Servizos Públicos básicos	159,052,481.38	151,987,373.86	4.65%	164,457,915.44	155,043,157.29	6.07%
2	Actuación de protección e promoción social	29,692,222.21	28,891,977.37	2.77%	29,692,222.21	28,891,977.37	2.77%
3	Produción B. públicos carácter preferente	55,749,069.20	49,589,568.42	12.42%	55,749,069.20	49,589,568.42	12.42%
4	Actuacións de carácter económico	24,669,082.76	19,142,636.80	28.87%	24,669,082.76	19,142,636.80	28.87%
9	Actuacións de carácter Xeral	42,068,020.11	39,387,495.12	6.81%	42,068,020.11	39,387,495.12	6.81%
Total		311,230,875.66	289,004,051.57	7.69%	316,636,309.72	292,059,835.00	8.41%

RESUMO DO ORZAMENTO DE GASTOS E INGRESOS DA XMU E COMPARATIVO 2023- 2024

CAPÍTULO	Estado de Gastos			Estado de Ingresos		
	Importe 2024	Importe 2023	Variación %	Importe 2024	Importe 2023	Variación %
1	6,420,783.49	5,864,251.36	9.49%			
2	1,689,960.13	1,803,034.49	-6.27%			
3				1,665,380.85	1,665,380.85	0.00%
4	.00	.00	0.00%	6,210,563.00	6,471,905.00	-4.04%
5				405,000.00	1,000.00	40400.00%
Op. Corr. NF	8,110,743.62	7,667,285.85	5.78%	8,280,943.85	8,138,285.85	1.75%
6	1,379,356.87	1,116,462.58	23.55%	.00	.00	0.00%
7	1,888,196.57	70,000.00	2597.42%	962,265.42	715,462.58	34.50%
Op. Cap. NF	3,267,553.44	1,186,462.58	175.40%	962,265.42	715,462.58	34.50%
T. Op. N.F	11,378,297.06	8,853,748.43	28.51%	9,243,209.27	8,853,748.43	4.39%
8	32,000.00	32,000.00	0.00%	2,167,087.79	32,000.00	6672.15%
Total	11,410,297.06	8,885,748.43	28.41%	11,410,297.06	8,885,748.43	28.41%



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/11/2023 08:34	Páxina 9 de 11
80-142	CSV: ACAE33-474983-8581BH-W6ZWSK-CJVK1T-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

FUNDACIÓNS QUE FORMAN PARTE DO PERÍMETRO DE CONSOLIDACIÓN

MUSEO DE ARTE CONTEMPORÁNEO (MARCO)

CONCEPTOS	Empregos			Recursos			
	Importe 2024	Importe 2023	Variación		Importe 2024	Importe 2023	Variación
G. Persoal	344,692.00	336,922.00	2.30%	Ingresos actividade	5,000.00	4,000.00	
Cons. eléctrico	180,000.00	232,322.00	-22.41%	Subv. doazóns	875,000.00	1,095,000.00	-20.09%
Exposicións	40,242.00	172,763.00	-76.72%	Achegas usuarios	12,000.00	10,500.00	14.29%
Compra de obra		.00	100.00%	Cursos	25,000.00	20,000.00	25.00%
Outros g. Activ.	356,816.00	380,904.00	-6.33%	Patrocinio La Caixa	20,000.00	10,000.00	100.00%
G.Financeiros	1,250.00	1,250.00	0.00%	Alugueiros	20,000.00	19,700.00	1.15%
Amortiza. Inmv.	34,000.00	35,039.00	-2.85%				
Total	957,000.00	1,159,200.00	-17.44%		957,000.00	1,159,200.00	-17.44%

CONVENTION BUREAU (CB)

CONCEPTOS	Empregos			Recursos			
	Importe 2024	Importe 2023	Variación		Importe 2024	Importe 2023	Variación
G. Persoal	195,653.65	189,955.00	3.00%				
Cons. e gast. xestión	25,611.35	31,310.00	-18.20%	Subv. doazóns	212,000.00	212,000.00	0.00%
Publ.mat. Promoc.	6,000.00	6,000.00	0.00%	Achegas socios	40,250.00	40,250.00	0.00%
Acc. promoción	269,470.00	269,470.00	0.00%	Out. ingresos	250,000.00	250,000.00	0.00%
P. outros entes	5,515.00	5,515.00	0.00%				
Operac. N.F	502,250.00	502,250.00	0.00%	0	502,250.00	502,250.00	0.00%

SEGUNDO.- Aprobar as Bases de Execución que serán de aplicación á Entidade Local e Xerencia Municipal de Urbanismo, coa excepción da regulación propia que se aprobe para o Organismo Autónomo.

TERCEIRO.- Aprobar as Bases de Execución específicas da Xerencia Municipal de Urbanismo.

CUARTO.- Aprobar o cadro de persoal e plantilla da Entidade Local e da Xerencia Municipal de Urbanismo.

QUINTO.- Aprobar o Plan de Investimento-Financiamento 2024-2027, que quedará sometido aos axustes que cada ano se estableza, producíndose a revisión do mesmo en cada ano.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/11/2023 08:34	Páxina 10 de 11
80-142	CSV: ACAE33-474983-8581BH-W6ZWSK-CJVK1T-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local

SEXTO.- Someter o expediente aos requisitos de publicidade e exposición pública que regula o artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

SÉTIMO.- O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentan reclamacións; o acordo de aprobación inicial elevarase a definitivo, entrando en vigor unha vez publicado na forma prevista no parágrafo 3 do artigo 169 do TRLRFL. En caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas, contado a partir do día seguinte á finalización do de exposición ao público, e as reclamacións consideraranse rexeitadas en calquera caso se non se resolven no acordo de aprobación definitiva (artigo 20 do RP).

En cumprimento do previsto no apartado seis do artigo 21 do RD 500/90, o Orzamento definitivo que se aprobe para o ano 2024, terá os seus efectos dende o un de xaneiro e os créditos nel incluídos terán a consideración de créditos iniciais.

Se o dereito positivo de aplicación é alterado por modificación das normas que lle son de aplicación, ou por desenvolvemento da normativa legal ou regulamentaria, polo Pleno da Corporación acordaranse os axustes orzamentarios ou de liquidación e contables que procedan mediante o axuste das magnitudes, créditos e conceptos que corresponda conforme ás normas de aplicación ou ao interese xeral.

O Pleno da Corporación pronunciarase, previo acordo da Xunta de Goberno Local e ditame da Comisión Informativa, sobre proposta da Concellería Delegada da Área de Orzamentos e Facenda.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo na data da sinatura dixital.

SGF/me.

V. e Pr.

O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/11/2023 08:34	Páxina 11 de 11
80-142	CSV: ACAE33-474983-8581BH-W6ZWSK-CJVK1T-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		